

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

ANO XVII

Galicia (Santiago) 16 de Xulio do 1.933

Núm.

GALICIA EN PE

Toda Galicia protesta do tratado criminal con que o Goberno hispanol nos desprezia e nos aldraxa

Frente a todo, Galicia ten que buscar o seu camiño para salvarse

E ten-o de acadar

NISTE INTRE

Hai moito tempo que Galicia non chegou á un estado de conmoción tan profundo coma o que hoxe presenciamos. É d-unha unanimidade, d-un vigor e d-unha firmeza tales, que ben podemos decir que ningún tan vigoroso chamou ás portas da historia do noso despertar nacional.

Para os cegos, para os indiferentes, para os homes de mala fé, a leición que está dando Galicia fronte á todol-os despotismos e traicións, fronte aos aldraxes dos poderes centrais, non lles servirá, xa o sabemos, para facerlles trocar a súa postura criminal, pois ésta non ten máis base que as súas baixas pasións, os seus partidismos de comiola; os seus personalismos, os seus resentimentos e as súas traicións. Pero será —non cabe duda— algo que virá á cargar a súa conciencia de desleigados, e un día que está ben cerca, será a coitelada máis fera do seu remordemento estéril, para o que Galicia xa non poderá ter máis que o seu desprezo.

Un pobo que se sabe erguer na unidade magnífica con que Galicia o fixo, non pode seguir vivindo atonizado, sendo o negro de todol-os desprezos e incompreensións.

Un pobo a quen se lle regatean os seus máis pequenos dereitos, que lle garantizan a súa subsistencia, e que ve como lle cegan as fontes básicas da súa vida económica, non pode consentir que o sigan enganando, faranduls de feira, con tangarañadas de pequena política, que nada lle resolven. Pide, eisixe, que se lle resolva o seu problema fundamental, o da súa vida íntegra, ceibe e autóctona. Isto é o que deben pensar todol-os preguizosos e desleigados, que coa súa situación retardan, axudando aos traidores, o rexurdir efectivo da nosa Terra.

N-istes momentos dramáticos porque atravesamos a nación galega, son d-unha transcendencia, e pol-o tanto de unha responsabilidade suma, todal-as nosas situacións. Naide pense que é unha postura dina a de inhibición, que moitos toman, Isa é a máis francamente suicida. Cando todo o pobo galego se puxo en pé, por un resorte claro e conscente dos seus destiños, non caben dúbidas, nin manexos, nin partidismos, nin resentimentos persoais. Toda situación contraria é unha aberta traición. Si os que poden deixan pasar ista hora de fervor para impedir, querendo ou non, que Galicia conquira aqueles mesmos dereitos que lle pertencen mellor que á ningún outro pobo pol-a súa historia, pol-a súa xeografía, pol-a peculiaridade dos seus problemas, serán reos de alta traición diante un pobo aldraxado, que asesinaron a man tenta.

En Santiago celebrouse na pasada semana unha reunión do Comité central do Estatuto, na que, afogando todol-os partidismos, se tomaron acordos de suma transcendencia neste senso. Como era obrigado, empezouse unindo a protesta enérxica do Comité ao clamor popular do momento, contra o Tratado co Uruguai e contra o proceder do Goberno con respecto ao noso Ferrocarril, acordándose por último ir á realización do Plebiscito, fixándose a data para Setembre próximo.

Está pois ben chegado o momento en que os problemas de Galicia van ter unha resolución permanente e firme. Pensen todol-os que aínda dudan, os que aínda recelan, os que se andan escondendo tras dos seus sofismas, para facer unha traición á súa Terra, na responsabilidade que lles tocará de seguir impedindo que Galicia conquira a súa vida, que pide e á que ten dereito.

Unha nota do Partido Galeguista

ANTE OS REPETIDOS AGRAVIOS DO PODER CENTRAL A GALIZA

O Consello Executivo do Partido Galeguista, axuntado en Compostela, estima que non cumpriria que fixese unha declaración expresa sobre dos palpitantes e graves problemas que n-iste intre ten planteados Galicia. Porque as enérxicas intervencións realizadas derradeiramente no Parlamento pol os nosos deputados fixan, con toda claridade, a nosa posición.

Mais non queremos que o noso silencio poidera ser interpretado nin como indiferencia nin, moito menos, como resignada conformidade ante os constantes e repetidos agravios, pretericións e inxusticias con que o Poder central ven aldraxando, un e outro día, á nosa Terra e atacando, sin consideración nin tino, a nosa economía.

N-iste intre en que o pobo galego, canso de sufrir con mansedume, se ergue novamente pra eisixir que se faga xusticia e se escoite á súa voz, non soio os nosos deputados seguirán cumprindo patrióticamente a súa obriga, senón que o Partido con todal as

suas forzas, xúntase ao xusto movemento de protesta da nosa Terra contra as disparatadas e perxudiciais disposicións do Poder central.

¡Que ista contumacia en agraviarnos sirva de leición, que aproveitemos todos, pra convencernos de que os problemas de Galicia demandan solucións radicais e definitivas, que nin quere nin poderá darnos endexamais un Estado centralista. Pra que non nos quede nin a máis leve dúbida de que solo as conq-ueriremos axuntándonos todol os galegos n-un rexo pulo a prol da liberdade da nosa Patria pra resolver por sí mesma istes problemas como máis conveña aos seus intereses!

¡Con todos cantos estén en pé pra defendel-os dereitos e a economía de Galiza, que o Estado centralista se empeña en descoñecer e atacar, estará, no posto de avanzada, o Partido Galeguista!

O Comité Executivo
Compostela, 9 de Xulio de 1933.

Suspensión do noso ferrocarril.

Exclusión de Galiza nos cursiños de profesores.

Tratado co Uruguai que arruinará a nosa riqueza gandeira

Aumento das contribucións.

Ataque ao noso patrimonio artístico.

Eis uns cantos agravios máis inferidos a Galiza n-ista derradeira temp polo Poder central.

AS SOCIEDADES AGRARIAS E OS CONCELLOS DE GALICIA CONTRA O TRATADO DO URUGUAI

Para mostra, sô para mostra, presentamos neste número algúns dos pobos que n-ista protesta unánime de Galicia se dirixiron con máis enerxía aos poderes centrais. Non coide ninguén que é unha lista completa. Sería empequenecer un movemento magnífico que levantou toda a nosa Terra hasta os últimos corrunchos, nun xesto pleno de legalidade.

SANTIAGO

FEDERACION AGRICOLA DA COMARCA. Reunida en sesión plenaria, con representación de todal-as sociedades que a integran, tomou o acordo de botar un manifesto por todal-as parroquias da comarca para que todal-as sociedades de carater agrario se sumen á protesta contra o Tratado co Uruguai no que se refire á importación de carnes. Tamén se acordou pór se en contacto coa Federación provincial de Pontevedra, para marchar de acordo nos aitos á realizar para impedir ise convenio aldraxante.

O xoves, 13, convocouse ao Comité da Federación, acordándose enviar á súa representación ao gran mitin que hoxe, domingo se celebra en Vigo, e ao que asistirán milleiros de labregos nosos, ameazados pol-o poder central coa anguria da fame máis negra.

A CRUÑA

O alcalde da Cruña facilitou unha nota á prensa da que da conta da resposta dos deputados galegos aos telegramas que, en representación dos labregos coruñeses, lles cursou protestando do Convenio co Uruguai, que ven a afogar a primeira fonte da vida da nosa Terra.

FERROL

O Grupo galeguista do Ferrol acordou cursar un telegrama ao Consello de Ministros, no que se protesta enérxicamente, por su pór unha ruína da industria gandeira galega o proietado Convenio comercial entre Hespaña e Uruguai. Firma o telegrama o presidente do grupo Sr. García Pereira. En igual senso enviáronse despachos aos ministros de Estado, Agricultura e Gobernación.

O MIÑO

A Delegación agraria galeguista do Miño telegrafiou tamén en términos enérxicos, formulando unha protesta rexa ao Poder central.

Tamén se telegrafiou aos deputados Castela e Suárez Picallo, interesando-os vivamente na súa xusta demanda. Firma os telegramas F. Pérez, presidente.

NARÓN

O concello de Narón, cumprindo un acordo da corporación municipal, enviou telegramas ao Presidente do Consello de Ministros, e aos ministros, de Agricultura, Estado, Industria e Gobernación, aos deputados en Cortes e aos xefes das minorías parlamentarias, rogándolles que velando pol-os intereses da nación galega, tan seriamente ameazados pol-o proxecto de convenio co Uruguai coo-

peren con verdadeiro intrés para que non seña aprobado pol-as Cortes. Pois tal aprobación levaría a Galicia á ruína máis desastrosa.

SADA

O Sindicato Agrario de Outes e a Federación Agraria de Guisamo, que contan con máis de dous mil afiliados dos concellos de Bergondo, Cambre, Oleiros e Sada, dirixiron telegramas neste sentido. En toda a comarca eisiste unha enorme expectación, e os cidadáns ran seña plenamente satisfeita no que se refire á xusticia da causa o pide.

ORTIGUEIRA

A Federación Agraria de Ortigueira enviou a todal-as entidades agropecuarias da comarca unha circular para que se den a campaña contra o convenio co Uruguai; e outra no mesmo senso para os concellos de Oporto e Ortigueira, insistindo no mesmo, invitando a todos xuntos eleven a súa protesta enérxica aos poderes centrais, coa finalidade política torpe con que ameazan a vida da nosa Terra.

PONTEVEDRA

O Partido Radical de Pontevedra, en reunión co Comité executivo provincial, tomou o acordo de opórse por todol-os medios á realización do Tratado co Uruguai. A este fin comunica aos deputados radicais por Pontevedra para que con enerxía se opoñan a que ista ameaza que pesa sobre Galicia non poida levarse a cabo.

CABRAL

A Sociedade Cultural Agraria de Cabral formula tamén a súa protesta contra os aldraxes de se pretende facer obxeto, cursando telegramas aos Poderes centrais, cheos máis que de xustificada indignación. O Sindicato de Agricultores xuntouse en asamblea en este senso, tomando idénticas aitudes.

NIGRÁN

O pasado domingo celebró un mitin na Angustia o P. R. G. cuio fin principal foi estudar detidamente o gravísimo problema que se nos plantea. O Comité do Partido tomou, en consecuencia xustas medidas de protesta, que concretou un telegrama ao deputado Sr. Paratcha.

O Comité da Federación Agrícola do término, resolvéu celebrar para o 23 unha magna Asambleia, en sinal de protesta, pol-aldraxes que co tratado hispano-uruguai nos infire, e do que protestamos con toda dureza unu telegrama ao ministro de Estado.

MUROS

A Protección Social Esteirana, únesse protesta unánime de toda Galicia con un telegrama ao Poder central, no que se conclaman as aspiracións máis limpas do pobo.

ARBALLINO

Arballino ergue tamén o seu berro forte en Ourense, por medio do Centro Social e Industrial d-aquela vila contra o prezo criminal que pra nós significa a política do Goberno hespañol no que se refire a nosos máis vivos problemas. Enviáronse uns telegramas ao Consello de Ministros e ao Ministro de Gobernación, cominando a protesta máis viva pol-o Tratado con que se nos amenza e pol-a suspensión do Servizo Ferrocarril.

VILABOIA

A Federación municipal Agraria de Vila-Boia e a Sociedade de Agricultores, celebraron unha magna asamblea conxunta, protestando contra ise Convenio que non nos convén. En medio dun grande entusiasmo, acordouse enviar telegramas aos ministros e aos deputados galegos.

Censurose duramente nista Asamblea a actitude de moitos deputados galegos que pospoñen os intereses dos seus eleitores e os da súa Terra ás comenencias dos seus partiditos de comiada.

SABUGUEIRA

A Sociedade Agrícola de Sabugueira, enviou tamén a súa enérxica protesta ao Ministro de Agricultura.

Intresa destacar algúns tons de verdadeira enerxía do telegrama remitido. «Sin amenazas —di— pero como homes concetes, reiteramos a negativa de entrada de carnes conxeladas.

De levarse á cabo terá que incautarse o Estado do gando e das terras dedicadas á súa cría. Coa fronte ben outa pedimos un trato de igualdade con relación aos demais pobos.»

«Federación católico-agraria de Lugo, os máis potentes de Galicia, dirixiu un telegrama ao Goberno da seguinte maneira: Esta Federación, integrada por nove mil catódos, milleiros de familias campesiñas, replica á V. E. se opoñe con toda a forza contra o Convenio Uruguái que si non se anula, a Galicia gandeiría vacuna galega, xa que a mesma é a única que se nos debe e que temos de acadar.»

DE SUARNA

«Comité do P. P. G. e os sindicatos agrícolas de Navia de Suarna, ao lado dos outros pobos de Galicia, erguen a protesta máis firme demandando a xusticia que se nos debe e que temos de acadar.»

SAN SATURNINO

A sociedade agraria a «Moralizadora», con máis de 500 labregos, enviou tamén un telegrama de protesta ao Ministro da Gobernación.

PONTEAREAS

En Ponteareas reuniuse urxentemente o Comité do Partido R. Radical para telegrafiar aos deputados que representan esta provincia, para que por todol-os medios de que poidan dispór se opoñan á aprobación no Parlamento deste aldraxe que con Galicia se quer cometer.

Tamén o Sindicato de Agricultores tratou o asunto coa enerxía e decisión que requér.

Outros moitos pobos que non podemos enumerar, ergueron a súa protesta rexá, diña e unánime. Non foron outros pobos. Foi Galicia enteira.

Os intereses dos aceiteiros andaluces, e dos viñateiros casteláns, son intereses nacionais. Que a nosa riqueza gandeira se afoque, que Galicia se arruine, non ten ningún intrínsecos.

Así pensa o Goberno hespañol, galegos!

Pra a mocidade

Paul Valéry, prosa adamantina, centilear de graves, misterios, soupo percorrer o camiño de Eleusis, e non estrano ao son das liras órficas descobre no armoñoso templo de Platón a falla do diálogo —peristilo, bosque sagrado, concertada estrofa—, adicado á nai das artes: a arquitectura. Maxina o autor de «O cemiterio mariño» aquí tipo de Eupalinos, o ideal arquitecto, e seu íntimo gozo creador ordeando as belidas pedras co ritmo e destino das ideas.

Non son afeizoado ás comparanzas e evocacións dos exemplos clásicos aínda que hoxe unha onda de orixes amolece a categórica leición académica. Mais na lediza do Eupalinos valeriano, ao inspirarse na materia rexá e rebelde á lus do espírito, penso no destino ledo e dooso da mocidade galega. Sempre toda nova xeración xurde carregada de misterio e de futuro. Cun deber, un anxeo, novos. Mais á nosa mocidade de arestora tócalle un destino de gravidade e grandeza sin comparanza na historia decorrida e de fixo, sin parello, no pórvir. Como si moitos séculos estiveran agardando por ela, como si todal-as pasadas esprenzas foran apenas esquema, promesa, ensaio da laboura que hoxe xermola nos peitos da mocidade, disposta e recollida arredor da inspiradora lareira do lume endexamáis apagado, do lume degaroso de alomear os roteiros destemidos do espírito da Raza.

Cada xeración xustifícase diante da propia concenza. Unhas, pouco figueron, desfeito aixinha seu anxeo pol-a esenzal catividade do pulo ou do fito. As que quixeron imitare, aixinha decatáronse da función histriónica, e avergoñadas calaron e amoleceron na vileza. Outras, sabendo ollar ao lonxe deixaron que o vento rachara as velas desmaziado febles, e os proeles deitáronse deseguida encol dos malencónecos ronsels dos adeuses. De iste xeito os románticos. Mais entramas categorías teñen sido fadalmente precisas pra a emozón e o estilo da hora presente.

Mociños e Mociñas de Bergantiños e Soñeira, das Mariñas e da Terra Chá, dos ribeiros e das serras, das vilas brancas entre os piñeiros, das vilas griseiras das abas das serras. Mociños e mociñas que pasean pol-as rúas e traballan na aula e no taller, ¿dádesvos conta da vosa fermosa angueira? Eu coido que sí. Son outros os ollares e os acentos, en cada un dos vosos pensamentos brila a fermosa angustia criadora de non perder un instante sin adicalo á grande obra da rendzón da Terra.

Como o arquitecto maxina a belida e poderosa disposición da estreitura que pensa, vosoutros non esqueneceades nin o máis cativo elemento pra a forza e a graza da lumiosa construción que vos loce na i-alma. Cecáis vosas maus poidan esprimentar un medo, unha dúbida, un desfalecemento ao coller a materia onde ficara inspirado o voso espírito. Non teñades desconfianza. Asegún o Apóstolo soilo pol-o fito calificáanse as intencións. E a vosa trascende da hora, e do instante, e do deber pensado como disciplina. Como superior criazón de arte, a nova Galiza agarda ser nas vosas mans tratada coa pureza e a outura das obras chamadas á vivir por riba de todol-os cámbeos e acasos dos tempos. Cada feita vosa por cativa que ela semelle, está dirixida ao pórvir. Si sodes algareiros, supreficiáis, priguizosos, bulreiros de isa algairada e priguiza, doeráse a Galiza futura. Calquer desfalecemento voso alongaráse ás xeneracións vindeiras. Pensade que a Galiza non é. Que a Galiza ten de ser. Que somentes vós, co voso esforzo, podedes faguela. Que si non a faguedes estades de prestado, ociosos, valdeiros e viles, no mundo. Que o feito por vós decidirá sin remedio da vida ou da morte da Galiza.

Un tráxico e non igoalado destino. Mais un destino de beleza que non poideron sospeitare as xeneracións anterigas. Un destino que pra ser groriosamente cumprido, soilo require que aqiles instantes heroicos que en ninguén fallan algunha ves na vida, seña a tónica de todal-as horas das vosas vidas. Heroísmo de todol-os días quer dicir lealtade aislada cos mandados do espírito galego nas vosas concenzas presente coma as nuves da vida nos hourizontes labregos.

R. OTERO PEDRAYO

Os que queren á Galiza e os traidores concéñense nas ocasións decisivas.

Como n-ista pol-a que está atravesando a nosa economía

«El Faro de Vigo», «La Voz de Galicia» e «El Progreso» están demostrando cal é o seu amor á nosa Patria, que sempre andan á repetir, precisamente porque non o sinten.

N-iste intre en que a nosa riqueza gandeira está ameazada de morte atrévense á dicir que os «intereses nacionais» deben estar por enriba dos nosos.

¿E qué os de Galiza non son «nacionales» tamén, tanto como os de Andalucía e Valencia?

Véxase que caste de xentes son estes «españoleiros» que andan repetindo sempre que queren tanto á Galiza «como el que más».

Pregón

Irmáns: Ollade qué periódicos son os que veñen decindo un día sí e outro tamén que «aman a Galicia como el que más». Ises son os traidores, vendidos en corpo e i alma aos nosos inimigos.

Son os que din que os intereses nacionais deben estar por enriba dos nosos, para permitir que se funda a nosa gandeiría e morran de fame os nosos traballadores.

Son os que teñen moitas páxinas para atacar, cheos de babeamentos hidrofóbicos, os nosos mais puros degaros autonómicos, e non os teñen para desenmascarar isa grea de xesuítas laicos da Institución Libre, os da ciencia trasegada, que se esqueceron de nós, que se bulraron de nós, que en todal-as ocasións pretenden atacar o noso espírito de galeguidade, e derradeiramente o fixeron impedindo que en Galicia se celebrasen cursiños de profesores.

Son os compangueiros de todol-os tempos. A suspensión do noso ferrocarril, o ataque ao noso patrimonio artístico, o Tratado co Uruguái, que nos arruina, a excrusión de Galicia nos cursiños de profesores que foi

por riba de todo, un desprezo, non son intereses nacionais para estes hespañoleiros.

Pero aman a Galicia «como el que más.» Por ela eran capaces de ser deputados e ministros, pra zugarlle o sangue e vendela despois coma unha colonia ao centralismo, da que iles quedarían sendo os virreais feudais.

E dooso, pero hai que berrar. Hai que berrar contra os desleigados, contra os traidores, contra os traficantes das nosas liberdades, contra os cans mudos dos periódicos galegos que deixan, pol-o seu silencio, roubar o que é noso, o que se nos debe, o que precisamos para vivir.

Contra os hipócritas que despois da loita, da que fuxiron criminalmente, teñen o descazo de facer suas as vitorias. Contra a predredume, dormida e bacentada de todal-os pesimistas de mala fé, de todol-os derrotistas, de todol-os nogalláns de espírito, que non se atreven a pedir nada mellor para a nosa Terra que a cobiña de soma, o calabozo podre, en que morre día tras día, fumenta, escura e desprezada.

Istes son nosos inimigos. Hai que abraialos, coa nosa fé, coa nosa forza, co noso desprecio.

Marxinalia

—Cando un home nos ven a dicir que il fixo, que il deixón de facer, que por aquí e por aló, que o díaño e sua nai, que así e andando... nós estamos convencidos que ise home minte.

—Sí, señor!

—E cremos, ademáis que ise home é un sinvergónza.

—Máis paréceme que inda non xuzgamos con esaititude iste home. Paréceme pouco chamarlle embostero e sinvergónza. Un home que nos ven dar explicacións gabanciosas da súa conducta, atribuíndose méritos que estaba obrigado a conquistar e que non conquistou, en realidade vennos a confesar unha traición. Ise home é, en realidade, un traidor. Mais é un traidor especial. Ten unha específica repugnancia á súa traición: a cobardía.

Quizaves non se comprenda ben isto.

—Eu non sei que quér dicir.

—Nin eu.

—Nin eu.

—Verán. Ise home que nos ven explicar a súa conduta pol-o que deixón de facer, atópase ao descuberto diante seus irmáns. Ninguén lle dixó ren. Pero il tivo medo que lle botaran en cara a súa traición. A súa traición...

—Pero, Señor, por quen dí todo iso. No outros...

—Ai, por ninguén. Eu me non meto con ninguén. Eu estou a ben con todos. Tranquilo. Moi tranquilo. Os nosos problemas gandeiros chegaron a preocupar á xente de Madrid. Os nosos parlamentarios lograron portarse como deberon. Lin todo isto no «Faro de Vigo», que é un bon xornal. Foi o que fixo todas istas campañas. Dí-o il mesmo en letra moi negra. Gracias a il temos todo. Il preocupase de todo. ¿Qué fan os outros periódicos?

—Pero si o «Faro de Vigo» só se preocupa de aldraxar á nosa Terra e a todol-os que piden a súa liberdade!

—Sí, señor. O «Faro de Vigo» nin unha soia verba tivo nunca para condenar os aldraxes e pretencions centralistas.

—O «Faro de Vigo» é coma ise home de que nos falóu: un cobarde e un traidor a súa Terra.

—Non, non. Eu non sei. O «Faro de Vigo» é por de pronto un xornal de moito papel, escrito con plumas de ouro. Vostedes son moi malas linguas.

ODAULFE.



Orgaización de A NOSA TERRA

A NOSA TERRA, órgao do noso Partido, é obra de todol-os afiliados, e que todos debemos procurar que viva. Á ninguén se lle esconde as dificultades de toda publicación periódica, e máis si está escrita na nosa fala, á que tanta xente por preguiza ou mala fe, lle fai un boicot criminal. Compreendendo-o así, os directivos do Partido e A NOSA TERRA, fan un chamamento á todol-os afiliados e simpatizantes, para rogar un apoio económico, sin o que non poderá vivir. Os grupos verán a maneira de prestar ista axuda. ben con aportacións individuais, con anuncios, con novas suscripcións. A ninguén se lle esconde ista obriga íntima de todol-os que se dian conta da necesidade do noso órgao para a vida regular do Partido.

Os industriaes, comerciantes e profesionales en xeral, que pertencen ao Partido, terán unha rebaixa nos seus anuncios que non deberán faltar de A NOSA TERRA.

Para estar en comunicación máis íntima cos grupos, A NOSA TERRA abre unha nova sección, titulada «Movimento dos grupos», na que se publicarán todol-os traballos que os grupos galeguistas nos manden, referentes á súa vida e marcha, iniciativas etc. Recoméndase a maior brevedade.

Os afiliados ao Partido e os suscriptores que non reciban con puntualidade o Semanario, deben participalo á Administración con todal-as queixas e orientacións que estimen oportunas. D-ista maneira lograremos facer que A NOSA TERRA seña o que debe ser en ben de todos.

O melro

«O melro eu conheci-o
Era negro, vibrante lucido,
madrugador, jovial»

GUERRA JUNQUEIRO

O melro é o paxaro celta. Os nosos poetas, que fixeron a apoloxía de moitas aveciñas, téñeno un pouco esquecido. Ben é verdade que ten d'abondo co-aquil imenso poema tan fondamente humán, con que o cantou o autor de «Os Simples». Poema creado na céltica serra de Xerés, retiró doce e selvoso do grande poeta luso.

O melro é o troveiro i-o divó dos nosos campos. El Señor creouno pra qu'espalle pol-os nosos eidos a poesía leda da sua madrugueira alborada.

Nas serras e nas gándaras, nos salgueirais e nas chousas, il tempra a cotío a sua frauta pra debullar no ar limpas risadas cristaiñas, ou tece no cravicimbalo da sua gorxa ben unha repenicada muiñeira de galán namorado, ben un arrolador canto de berce de pai cariñento.

¡Que cousa triste un melro engaiolado! Aprisoar un canario ou un *periquito* —engade de señor burgués e de doncela de corcota anos— é cousa ruín. Encarcear un melro é un crimen de lesa natureza. Moito máis si dempóis de fechado na gaiola se pendura na porta ou na fenestra d'unha casa urbán cuio ourizante remata na parede de enfrente.

¡Eu coñecín un melro engaiolado de tal xeito!

Ben sabía o tendeiro que un cantador de aquela casta era mellor recramo que un gramófono.

Pagou a un rillote pra que fora aimar o panterlo. I-o probe paxariño ficou preso e pendurado na porta da taberna.

Preso e todo, o melro segue cantando. Canta sen acougo e do xeito máis difrente tal si quixese enfeitizar co seu armónico asobiar os clientes do seu tirán.

Mais non entoa agora o malicioso fascenio

Como llo digo!

Para un poeta tímido e namorado, é un compromiso ter que estar ó lado dunha meniña tan guapa coma Miliña Docet.

Que o diga Alvaro Cunqueiro.

Nun banquete en Ourense estaba o poeta de «Poemas do si e non» con Miliña e María Luz Morales. Tiña tanto que decir que non decía unha palabra.

María Luz deuse conta, e espetoulle adrede:

—Cunqueiro, qué lle decía agora a Miliña?

E Alvaro, rápido, me parece que un pouco asustado:

—Nada. Nin unha cousa. Poido xurarlle que non lle decía nada.

De todol-os rapaces do mundo, un de Santiago é o máis serio i-o que máis noivas ten.

Paseaba un día na Ferradura cun amigo, e iballe enseñando:

—Ves ista que ven aquí, de ollos azues? Foi noiva miña.

—I-aquela de sombreiro branco.

—I-aquela de traxe azul.

—I-aquela delgadaña que mira pra nós.

—I-aquela...

Nisto atallóulle o compañeiro.

—Ben me podías presentar unha. A que menos che intrese.

—Ai iso non poido, contestou o santia gués. Como aínda non falei con ningunha, non teño confianza.

do día das Calendas, non o alomiñador arronrón dos días do San Xuán, co que adormecía á sua rolada, nin o garuleiro desafío con que retesiaba aos da banda d'alá do río.

Agora é un canto supricante, laiante. Canto de prisoseiro é o seu. Co-él chama ás portas do curazon do seu carceiro. Non sabía que no sitio do curazón tiña unha escudela pra os ichavos.

Repantigado na sua mecedoira arrandéase o mercadeiro, namentras tira bocadas de fumo do seu charuto con anela e ceiba unha

Arnica e vaselina

Ista campaña que Galiza anda a facer en percura da sua autonomía, tróuxonos moitas sorpresas, pro a meirande foi a descuberta de outro xeito de autonomistas, o de: «autonomistas como el que más».

A fauna do noso país, deu xa moitas especies de rexionalistas; dende o rexionalista de lacón con grelos ao de cirolas e toque de gaita; dende o rexionalista de jey carballeira, a quen me de un pau doule un pesol, fuxido dunha páxina da Casa da Troya pra se refuxiar n-ise fósil e acomodaticio organillo da cruñesa rua de Santiago, até o rexionalista sano y bien entendido, tráfuga de total-as situacións e que agora sentou as suas cachas no non menos acomodaticio e caduco farol—que non faro— da urbe atrántica.

Pro inda a nosa fauna non estaba completa. Tiñan de aparesce, e van aparescendo, novas especies en búsqueda de catalogación; i eisí un día, atopámonos cos partidarios decididos disa entelequia espesa que se chama descentralización administrativa, e que ningún sabe o que é; e outro, fan a sua aparición os flamantes autonomistas como el que más.

Iste é o derradeiro tipo do autonomista; rico tipo que diría Suárez Picallo na sua época de gringada.

Os autonomistas como el que más, son de recente descuberta. A sua prehistoria, non se remonta máis alá de aquel pomposo comicio celebrado no mercado lucense.

Alí nasceron por boca do seu pontífice máis o, e alí, no mesmo momento, e cal

novo miragre bíblico, creceu e multiplicouse a especie.

Hoxe forman lexión istes autonomistas. Todos son pulcros e atildados no vestiméntos, elegantes até nos calcetins; finos e suaves, cuaseque vaselinosos. Todos son leales; da lealtade fan un culto, impresionábel, —dunha impresionabilidade verdadeiramente emocionante— e tan estremosamente susceptibles que non permiten que ningún dubide do seu autonomismo.

Ningún é máis autonomista que eles, por iso, adiantanse sempre a afirmar que eles, son tan «autonomistas como el que más».

I eiquí-demos fin, xa que o noso intento de catalogación cumprido queda.

Outro día, catalogaremos a isos mindonienses saboteadores do Estatuto, colaboradores da Dictadura, e até —algún d-eles— desaprensivo «técnico da desfloración». Que de todo estamos enterados, muchachiños.

X.

Fai dazasete anos que se publica A NOSA TERRA pol-o esforzo dun feixe de homes; agora ten que se impôre pol-o entusiasmo de todol-os galegos.

Ou, *Mac Swiney* dos paxaros! ¡A falla d'erba valenosa deixouse morrer de fame! Qué val a vida sin liberdade!

O tripallán non se descatoú de morrêu coma un herói. E non adede que en todo o creado fica parte deza d'El Señor....

Xosé Nu

Foméntese a coñecencia garimosa de cada un dos pobos peninsulares, o teimoso seguimento dos seus avances, a axuda dos intreses de loita pol-o recobramento do propio ser, estes do lexítimo hispanismo. Estimúlense as relacións directas con Cataluña e Vasconia, irmáns nosas no rexurdir.

Procúrese vincular garimosamente a laboría da renascencia galega aos grupos étnicos non galegos, con residencia en Galicia. Que vexan no movemento galeguista non un ataque aos seus lexítimos orgulos, senón a garantía de unha mútua comprensión.

c) Pangaleguismo.

Galicia non está soia no mundo. Existe un área de irmandade internacional con Galicia que nós, lonxe de todo sono imperialista, temos de cultivar como algo noso. Galicia ten unha *solidaridade étnica* que a xungue ás terras célticas, sempre en loita pol-o seu propio ser (Irlanda, Bretaña, Gales) e ten unha *proiección lingüística* en Portugal, en Brasil, nos pobos de infruxo lusitano. Os Grupos laborarán pol-o mútuo coñecimento, pol-a solidariedade espiritual de estes pobos no ceibe desenrolo dos seus destiños.

A Galicia hestórica e natural non está comprendida nos lindeiros da Galicia administrativa dos nosos días. O Bierzo, Sanabria, as terras do Minho portugués son galegas. Compre manter a sua galegitude estimulando un cordial intercambio.

Galicia é tamén un pobo espallado pol-o mundo. É preciso que os enormes núcleos de galegos emigrados sintan na sua concencia da galegitude e labouren con nós. Compre facer que se sintan cada vegada máis ligados á Patria e que imponhan, onde queira que se atopen os seus dereitos de minoría étnica e a forza do seu valer e da sua galegitude.

Estatutos do Partido aprobados na II Asambreia

Ponente: Núñez Búa

I.- O PARTIDO GALEGUISTA.

ARTIGO 1.º—O Partido Galeguista constituíse pra manter e defender a declaración de principios aprobada na Asambreia de Pontevedra de 5 á 6 de Nadal do 1931, e o programa de acción que asinaron os agrupamentos que alí concurriron e revisará anualmente a Asambreia do Partido.

ART. 2.º—Os afiliados ao Partido Galeguista comprométense á soster aquel programa, á aceptar a disciplina do Partido sobre as suas actividades políticas e á prestarlle a colaboración que esixen as suas finalidades e a mútua axuda debida aos seus membros.

O Partido respeta as actividades individuais dos afiliados e garantiza a plena liberdade das suas creencias e das suas tendencias sociais. Cando o exercicio d'estas actividades presupuña actitudes ou colaboración de carácter político, os afiliados están obrigados á poñer en coñecimento do Consello as suas determinacións pra que resolva.

Todo afiliado que se inscriba en outro partido político, será dado de baixa no Partido. Tampouco poderá ningún afiliado, sin previa autorización do Consello, aceptar cárgos de libre desinación ou de elección popular.

II—A ASAMBREIA DO PARTIDO

ART. 3.º—A Asambreia do Partido ten plena soberanía pra definir o programa de acción e laboura, pra regular as orientacións políticas e pra gobernar todas as actividades que él poida desenrolar.

ART. 4.º—A Asambreia reunirase unha vez ao ano, na vila e data que a precedente á Asambreia acorde. N-esa xuntanza renovarase o programa de acción, marcaranse as roitas de actividade do Partido, eisaminarase a xestión do Consello Executivo e dos afiliados que ostenten cárgos de representación popular e renovarase o Consello Executivo.

ART. 5.º—Vinte grupos poden convocar reunións extraordinarias da Asambreia. Tamén poderá convocalas o Consello Executivo, e terá a obriga de facelo denantes de acordar calquer alianza con outros partidos pra fins electorales ou de goberno. A desinación de candidatos ás Cortes hespañolas e ao Parlamento galego farase n-unha Asambreia extraordinaria do Partido.

ART. 6.º—Cada xuntanza, denantes de escomezar as suas funcións, designará a mesa que ten de presidila, aprobará a orde das sesións e poñerá á discusión o regramento que, pra o seu orde interno, presente o Consello Executivo. A mesa definitiva estará constituída por un Presidente, dous vices, un segredario de actos, un segredario de actas e dous suprentes. Será nomeada por votación en os persoeiros dos grupos.

ART. 7.º—Forman a Asambreia os representantes de todol-os grupos e sociedades afiliadas, e o Consello Executivo, cuios membros actuarán con voz, per

puntes

UNCOL DUN ARTIGO SOBRE
NOSA UNIVERSIDADE :-:

POR FRANCISCO F. DEL RIEGO.

O Dr. Sánchez Mosquera, a quen coñecemos xa como home preocupado pol-os problemas universitarios galegos, ocupase novamente d-iste asunto nun artigo publicado no xornal «Galicia» de Bós Aires, no que teima demostrar, anque soio conquire facer esbozos paradóxicos, como a Universidade galega foi sempre medularmente nacionalista e patriótica. Pra ilo esténdese en afirmacións e comentarios que, aínda revelando unha boa fé, denotan, non embargantes, un descoñecimento claro do que foi e do que é a nosa Universidade.

Ñoro o que quer decir o articulista ao se referir ao ideal nacionalista que, afirma era profesado denantes pol-os universitarios galegos dun xeito vivo e sin as timideces e titubeos con que hoxe se fai. Non sei cal é, nin entendo ise galeguismo atribuído a unha ringleira de mestres que, según il, honraron, coa súa espiritualidade ben galega e coa súa sabiduría, a nosa Escola Compostelán. Mais, por outra banda, dí que ise espírito de galeguismo universitario, foi deformado por influencias estranas que encarnaron Montero Ríos, Gasset, García Prieto, antre outros creando en Compostela unha oligarquía universitaria que respondía aos seus plans e comenencias políticas. De acordo somentes n-iste punto cō Sr. Sánchez Mosquera, sírveme o seu argumento pra lle aseverar que, precisamente, foron os homes que, como exemplos de galeguidade, a feitura de ises políticos e de isa que castrou en xerme os anceios de liberdade e de cultura da nosa Universidade, trocándoa e facéndoa dexenerar na constitución do Reino, allea en todo á realidade social da nosa terra e á realidade social da nosa terra, sin afán e alonxado das preocupacións do propio idioma, vehículo inesquecible da propia cultura. Non hei de negar que algún dos profesores citados teña sentido un gran emoción científica e destacada, pero endexamáis, ningún d-iles sin menor emoción racial nin traballou pola cultura galega.

Este moderno e único en que nós interpretamos a galeguización: de fondo, o elemento no humán galego coma único xeito de afondar no humán universal, ren absolutamente ren tiñan feito os universitarios que cita o articulista. Ao máis, fixeron da Universidade, unha delegación da peor política centralista e sempre, non «a veces por sus acciones» respondeu ao senso d-unha Universidade castelán colocada en Galicia.

É precisamente n-ista hora, cando se traballa d-unha maneira rexa e conscente, e non «con timideces y titubeos», pra galeguizar o espírito universitario. Agora é cando se abren as suas fiestras ao zarandeo de todas as inquiredanzas nobles. É agora, acabadamente, cando se loita por unha plena autonomía universitaria e pol-a creación de cadeiras permanentes de lingua, historia, literatura e Xeografía galegas, e se teima empregar como base de todol-os estudos unha cultura claramente diferenciada como é a nosa.

Non se pode, pois, falar de quen existiu sempre un nacionalismo na Universidade

García Ramos, n-un dos seus derradeiros artigos hepáticos, pon o seguinte tído: «Tu que non puedes».... ¡É verdade!... ¡Ti que non podes falar... berrando arreol!

Os escolantes galegos están desenrolando unha actividade frebente na orgaización de homenaxes.

Xantar eiqú, xeira acolá; suscripción a este, praca ao de mais alá.

¿Non lles parece aos nosos mestres, que é preciso deixar algo por glorificar, pra que siquera polda valer algo o mercel-o algún día?

En Madri fixeron un Estatuto do Viño. Conforme á ise Estatuto, nós temos que gastar o noso viño, porque o non poderemos vender. É divertido. Fan tantas trapalladas por aló que, tendo medo que nos diamos conta, queren antes emborracharnos.

Desta opinión era tamén un señor do Ribeiro. Decíalle un paisano seu, viñateiro. en todol-os sentidos.

—Pero señor, vosté non ve o que nos fixeron! Qué vou facer eu agora con dous mil moios de viño que collo cada ano?

O señor aquel tiña solucións pra todo, e non tardou en buscarlla.

—Qué se vai facer cōn dous mil moios de viño!... Bebel-os!

Por certo que os mestres da provincia de Pontevedra —certas crases aínda siguen divididas en provincias—, seica teñen mentes de orgaizar unha enchente a Isidoro Millán. Pol o visto, este xilgaro do reformismo defendeu á un escolante emilianista, e logrou desviar-o do presidio.

Está ben; más... compre non esquecerse do Xurado, que tamén é de Deus, e coida que aínda pode con algo...

¡É qué viva a xusticia popular!

En Vigo tamén hai «Amigos del Arte».

Esta entidade, co gallo d-unha exposición de carteles que ven celebrando, orgaizou algunhas conferencias.

Compostelán —nin aínda por persoas da autridade do Dr. Sánchez Mosquera— cando se deu precisamente o caso contrario: De estar aforada a unha cultura estrana e con abandono da propia. De traballar n-unha híbrida ciencia cosmopolita, rendindo culto á lingua allea e ás artes de fora. De esquecer a realidade cultural e social do meío en que estaba encaixada. De costas sempre a todas as novas correntes do espírito.

A Universidade galega é precisamente agora cando empeza a ser galega.

Nele debéu pronunciar Sierra, o emilianista Sr. Sierra, a primeira perorata, sobre un suxestivo tema de arte.

O tema é: «Evolución del contrato de seguro».

Ninguén dubidará de que sexa excoitado ao carácter da exposición e do lugar,

Non embargantes, o intrépido cesureño, falando da «evolución», debe estar ben,

Cofece, por esperencia persoal, todol-os segredos do evolucionismo.

En menos tempo, salvo o Víctor Fraiz, ninguén poderá decir que evolucionou máis que o Croyo Villanueva do baixo Ulla.

Está ao roxo o problema da importación de carnes do Uruguai.

O Goberno pretende facer obxeto d-unha nova treición aos intreses de Galicia, aniquilando a nosa industria gandeira.

E, con todo ¡sen falar o señor Pita Romero!...

Seguimos tendo inverno no vran.

O calor, e o tempo craro e seguro, como compría que fose, non ven.

Hai quen lle bota as culpas á República' e quen llas coiga aos dirixentes celestiaes.

Mais todo iso é leria. Choverá mentras se anuncien touros en Sant-Iago, aínda que relouquen certos preparadores de festas retardatarios e fracasados.

SI QUEREDES

XANTAR BEN

IDEA

CASA PEPE

Dr. Cadaval, 13

VIGO

Crónica da semana

EXTRANXEIRO

Os avións mussolinianos siguen a súa roita de anuncio. Ao traveso de Europa e América, quedan as rutas do seu fume retorcéndose en interrogantes.

En Alemaña siguen crucificando na svástica calquera xesto ceibe. Dinno que diminuíron en algúns centos os millóns de parados. ¡Como se iso tivera que ver! Tamén aumentarían os guardias, que é moito máis tráxico aínda nun pobo que o aumento de parados.

Dende as radios alemáns síguense tendendo as redes para enmallar as libertades austríacas, ameazadas de total-as bandas. E inda decía Alemaña fai pouco que non sabía nada diste asunto. Xa ninguén llo creu. Dollfuss protesta dista intromisión de Alemaña na política interior. Con Dollfuss están todol-os homes de boa fé, que sinten o ben da liberdade dos pobos en todo o que vale. Pero contra Dollfuss está a forza e a mala fé.

Grandes correntes de simpatía e cordialidade entre Italia e Yugoelavía. Desconfiamos de todas istas cordialidades que se anuncian. Só porque se anuncian. É para desconfiar.

Paraguay e Bolivia, como sempre. Soldadinos que se asesinan en Nanawa,

Os chinos non queren armisticios que son postes de amarre. Nada mais.

Dá gusto facer unha crónica.

HESPAÑA

Cursiños, cursiños de profesores, en toda penínsua, menos en Galicia. Iso é: menos en Galicia. Pero isto non ten que ver. O señor ministro de Estado recibe ao de Uruguay so-

bre o tratado das carnes, O señor ministro de Estado, diríalle ao de Uruguay: ¡Pero amigo? Aquí todos estamos conformes con ise tratado. Mais a ises galegos denlles por protestar. Veremos de amolal-os. Si se poñen alteirados, non sei que se fará. Amolal-os noutra cousa por de pronto. Importa moito que sin amoladura non queden. Con ista promesa o señor ministro de Uruguay marcharía satisfeito.

Siguen os conflitos de sempre, en Tenerife, en Sevilla, en Barcelona. Un obreiro asesinado por un guardia. Un guardia asesinado por un obreiro. Isa é a causa.

GALICIA

Vibración de auguria. Protestas fortes de toda Galicia contra o proietado Tratado co Uruguay. Espectación enorme pol-os resultados. A todol-os recantos de Galicia chegou a ameaza dun ramalazo de desprecio. En total-as bandas aitudes indignadas, e sempre dinas frente a iste novo aldraxea. ¿Qué decidirá o Goberno? O non sabemos. Calquera que seña o camiño que colla, Galicia sabe a que aterse pol-o que aos poderes centraes se refire.

Por fin descifrouse a incógnita do Plebiscito da Autonomía. Moitas risiñas de satisfacción malsana xeláronse nos labres nunha moeca de estupidez. Nun intre de cordialidade serea, toda Galicia se prepara para pórse a camiño. Sin titubeos, con concencia limpa, cos degaros claros de facer a súa vida, para vivir no mundo, dina e salva.

NÓS, Publicacións Galegas: e Imprenta

Rúa do Vilar, 15. Santiago

BANCO PASTOR

CASA FUNDADA NO 1776

CAPITAL SUSCRITO. PESETAS 17.000.000,—
CAPITAL DESEMBOLSADO. » 11.000.000,—
FONDO DE RESERVA Y FLUCTUACIÓN DE VALORES. » 14.073.530,47

CASA CENTRAL: A CRUÑA :-: 35 SUCURSAES EN GALICIA

CONTAS CORRENTES CON OU SIN LIBRETA

INTERESES DENDE 1.º DE XULIO DE 1933:

VISTA. 2 % ANUAL | A SEIS MESES 3,60 % ANUAL
TRES MESES. 3 % » | A DOCE MESES OU MÁIS. 4 % ANUAL
CAIXA DE AFORROS. » 3,50 % ANUAL

CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DESDE 20 PESETAS Ó ANO

COMPRA-VENDA DE MOEDA EXTRANXEIRA :-: DEPÓSITO DE VALORES COBRO DE CUPONS E DEMÁIS OPERACIONS DE BANCA E BOLSA EN HESPAÑA E NO EXTRANXEIRO

FRANCISCO BARREIRO SALAÑO

PERITO AGRÍCOLA

CAMPO DO GAYO, 14

SANTIAGO

OUXETOS DE ARTE

VAXILLAS DE TODAS CRASES

CASA MARIÑO

OLIVA 11 E SARMIENTO 3

PONTEVEDRA

IMPERMEABILIZANTES

WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

MAIS DE CINCOENTA ANOS DE ESPERENCIA NO SANEAMENTO DE CONSTRUCCIONS E IMPERMEABILIZACION DAS MAIS IMPORTANTES OBRAS HIDRAULICAS

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALICIA

Pida detalles e folletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeneral para Galicia:

Porta da Pena, 6 :-: SANTIAGO